

Concurso 'O Preguntoiro'

1. **Onde** e en que **data** se xogou o 1º partido de fútbol en Ferrol?

17 de xullo de 1904, na Graña, nun campo contiguo á Alameda da vila grañesa.

2. Cal é a **dirección** onde se ía construír a 3ª casa Pereira e quen era o seu **arquitecto**?

Rúa María 107 por Rodolfo Ucha. Non se chegou a construír.

3. Que **historiador** e que **pintor** ferroláns tiveron relación co primeiro presidente da Real academia da lingua galega?

O historiador foi Benito Vicetto e o pintor Genaro Pérez Villamil.

4. En Ferrol hai unha rúa de nome **Carme Curuxeiras**, quen foi esta muller?

Non existiu esa muller, a rúa chámase así por ser o cruce de dúas rúas con eses nomes.

5. Cal é o **nome**, o **arquitecto** e a **dirección** do 1º teatro do que se ten noticia en Ferrol?

O teatro El Settaro, de 1770 do arquitecto Nicolas Settaro, sito na beirarrúa sur da rúa San Bernardo coa rúa San Simón (Rúa Magdalena).

6. Cal foi o **programa completo** da 1ª actuación da organización coral máis antiga de Galicia?

O sábado 29 de maio de 1915 representouse unha zarzuela, diálogos, etc.

7. A que debe o seu nome o conxunto histórico no que se atopa o '**baño da raíña**'?

O 'Baño da raíña' é un alxibe no Castelo de San Felipe, que debe o seu nome á onomástica de Felipe II, o rei que auspiciou a súa construción.

8. Quen é o **autor** do seguinte poema? A quen está **adicado**?

*A panadeira de Cesures
As maos da panadeira de Cesures
Vólveme falar das maos da panadeira de Cesures
a panadeira de maos de panadeira*

Uxío Novoneyra adícallo a Carlos Maside